



XVI Semana do Libro e a Lectura

Do día 24 ao 28 de abril

Biblioteca Municipal Rego da Balsa (Carballo)

Organiza:



Patrocina:



XVI Semana do Libro e a Lectura



TARDES DE CONTOS, MÚSICA E MAXIA



Actividades abertas ao público previa reserva de convite
De luns a venres ás 18:00 horas - Biblioteca Municipal Rego da Balsa

LUNS 24

AS PALABRAS PERDIDAS, Inventi Teatro

A Condessa Colorada e o seu axudante Leocadiof son viaxeiros chegados dende moi lonxe. A Condessa, unha coñecida contadora con fama internacional, dispónse a narrar o seu relato preferido pero, ao abrir o libro, cae na conta de que o seu conto está cheo de buratos.

MARTES 25

ROCKEANDO CON RAMONA PEQUENA, Pakolas

Contaremos e cantaremos a historia de Ramona pequena. A máquina do tempo leva a Ramona pequena á súa infancia no Caurel, veremos como a imaxinación non ten límites, a nosa cabeza é un taller de ideas onde os soños poden tornarse realidade.



MÉRCORES 26

CIRCO GALAICO, Títeres Alakrán

Un espectáculo orixinal no que os animais salvaxes da fauna galega son os protagonistas. Estes acoden á chamada do mestre de cerimoniais para facer alarde das súas proezas: a súa forza, equilibrio, danza, malabares,... ao son da música tradicional.



XOVES 27

OUTRA VEZ!, Vero Rilo

Que pasa cando un espectáculo sae do catálogo? Onde acaban todos eses contos? E se non podemos separarnos deles? "Outra vez!" é unha selección de pequenas alegrías. Un espectáculo de espectáculos. Unha escolla de aquí e de alá. Contalo "outra vez", sen parar.



VENRES 28

MAXIA PARA SOÑAR, Mago Marco

É un espectáculo sorprendente, para gozar en familia, onde o ilusionista Mago Marco propón unha viaxe de soño e ilusións envoltas nun misterio. Aparicións, desaparicións, levitacións imposibles e o máis importante: unha maxia interactiva na que o público é o gran protagonista!

